

Semana de idade	Euros/animal
23	14,37
24	14,63
25	14,87
26	14,59
27	14,31
28	14,03
29	13,75
30	13,47
31	13,18
32	12,90
33	12,62
34	12,34
35	12,06
36	11,78
37	11,50
38	11,22
39	10,94
40	10,66
41	10,37
42	10,09
43	9,81
44	9,53
45	9,25
46	8,97
47	8,69
48	8,41
49	8,13
50	7,84
51	7,56
52	7,28
53	7,00
54	6,72
55	6,44
56	6,16
57	5,88
58	5,60
59	5,32
60	5,03
61	4,75
62	4,47
63	4,19
64	3,91
65	3,63
66	3,35
67	3,07
68	2,79
69	2,51
70	2,22
71	1,94
72	0,80

## MINISTERIO DE XUSTIZA

**11320** *REAL DECRETO 659/2007, do 25 de maio, polo que se modifica o Regulamento do rexistro mercantil aprobado polo Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo, para a súa adaptación ás disposicións da Lei 19/2005, do 14 de novembro, sobre a sociedade anónima europea domiciliada en España. («BOE» 137, do 8-6-2007.)*

Esta reforma do Regulamento do rexistro mercantil ten por obxecto a súa adaptación á Lei 19/2005, do 14 de novembro, sobre a sociedade anónima europea domici-

liada en España, que se aprobou para cumprir a obriga imposta polo Regulamento (CE) n.º 2157/2001 do Consello, do 8 de outubro de 2001, de adoptar todas aquelas disposicións que sexan precisas para garantir a efectividade en España das normas de aplicación directa que nel se conteñen. Na preparación destas normas foron fundamentais as propostas elaboradas pola sección segunda de Dereito Mercantil da Comisión Xeral de Codificación.

Esta modificación regulamentaria, seguindo o esquema marcado pola lei, parte da distinción entre os diferentes procedementos constitutivos dunha sociedade anónima europea, mediante fusión, por transformación dunha sociedade anónima española e por constitución dunha sociedade anónima europea filial ou dunha sociedade anónima europea holding; ao que cabe engadir o traslado a España do domicilio dunha sociedade anónima europea. Para todos estes supostos en que aquela vai fixar o seu domicilio en España recóllese unha remisión xeral ás normas establecidas para a inscrición en cada caso, con pequenos cambios. E na transformación de sociedade anónima española en sociedade anónima europea tamén domiciliada en España, préstase especial atención ao disposto no artigo 37 do Regulamento (CE) n.º 2157/2001 do Consello.

Cando a sociedade anónima europea vaia fixar o seu domicilio no estranxeiro, nos supostos de traslado a outro Estado membro, constitución por fusión e constitución dunha sociedade anónima europea holding en que tamén participa unha sociedade española, regúlase a protección dos intereses en xogo, nas súas diferentes fases do procedemento rexistral español.

Finalmente, en canto ao nomeamento de expertos independentes, tívose en conta a actual regulación deste Regulamento do rexistro mercantil. Do mesmo xeito, introdúcense, nos preceptos correspondentes, as oportunas correccións para recoller as demais reformas puntuais contidas na Lei 19/2005, do 14 de novembro, sobre a sociedade anónima europea domiciliada en España.

Por outra banda, a Lei 19/2005, do 14 de novembro, tamén serviu para introducir determinadas modificacións no texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, non vinculadas co réxime das sociedades anónimas europeas, pero que tamén deben ter o seu reflexo no Regulamento do rexistro mercantil. A este propósito responde a modificación que se introduce no artigo 104, que se adapta ao novo artigo 97 da Lei de sociedades anónimas, e incorpora ao seu contido as especialidades da publicación dun complemento á convocatoria dunha xunta. Así como as modificacións dos artigos 163.1 e 170.3, que se adaptan ás modificacións introducidas pola Lei 19/2005, para a redución de custos de publicidade de determinados acordos sociais.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de maio de 2007,

### DISPÓÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento do rexistro mercantil, aprobado polo Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo.*

No Regulamento do rexistro mercantil, aprobado polo Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo, introdúcense as seguintes modificacións:

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 20 e engádese un novo punto 4 coa seguinte redacción:

«1. Se o cambio de domicilio se efectuase ao estranxeiro, nos supostos previstos polas leis, deberá aterse ao disposto nos convenios internacio-

nais vixentes en España e ás normas europeas que resulten de aplicación. En tales supostos, o rexistrador competente, en razón do domicilio da sociedade que se traslada, certificará o cumprimento dos actos e trámites que deben ser realizados pola entidade antes do traslado, e non cancelará a folla da sociedade ata que reciba unha comunicación do tribunal, notario ou autoridade competente do novo domicilio acreditativa da inscrición da sociedade. Recibida esta, cancelará a folla da sociedade e expedirá nota de referencia expresiva dos novos datos rexistrados.»

«4. Se o traslado for dunha sociedade anónima europea domiciliada en España a outro estado membro da Unión Europea, o rexistrador do domicilio social orixinario certificará o cumprimento dos actos e trámites que deben ser realizados pola entidade antes do traslado e expedirá na folla aberta á entidade a dilixencia a que se refire o punto primeiro do artigo anterior.

Cando a sociedade anónima europea se inscribise no Rexistro do novo domicilio, o rexistrador español do anterior domicilio cancelará a folla da sociedade despois de recibir a correspondente notificación en que a autoridade correspondente do novo domicilio lle dea conta daquela inscrición. Todo iso de conformidade co disposto nos artigos 315 da Lei de sociedades anónimas e 160.3 deste regulamento.»

Dous. O actual número 11 do artigo 94.1 pasa a ser o 13 e introdúcese dous novos números, o 11 e o 12, coa seguinte redacción:

«11. Os acordos de implicación dos traballadores nunha sociedade anónima europea, así como as súas modificacións posteriores, de acordo co previsto no artigo 114.3 deste regulamento.

12. O sometemento á supervisión dunha autoridade de vixilancia.»

Tres. O artigo 104 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 104. *Anotación preventiva da solicitude de acta notarial e da publicación dun complemento á convocatoria dunha xunta.*

1. Por instancia dalgún interesado deberase anotar preventivamente a solicitude de levantamento de acta notarial da xunta pola minoría prevista pola lei e da publicación dun complemento á convocatoria con inclusión dun ou máis puntos da orde do día, que se regula no artigo 97 da Lei de sociedades anónimas.

A anotación practícase, no primeiro caso, en virtude do requirimento notarial dirixido aos administradores e efectuado dentro do prazo legalmente establecido para a dita solicitude.

A anotación preventiva da publicación dun complemento á convocatoria dunha xunta practícase en virtude da notificación fidedigna a que se refire o parágrafo 3 do artigo 97 da Lei de sociedades anónimas.

2. Practicada a anotación preventiva, non se poderán inscribir no Rexistro Mercantil os acordos adoptados pola xunta a que se refira o asento se non constan en acta notarial, ou non se xustifica a publicación do correspondente complemento á convocatoria, se é o caso.

3. A anotación preventiva da solicitude de acta notarial será cancelada por nota marxinal cando se acredite debidamente a intervención do notario na xunta, ou cando transcorresen tres meses desde a data da anotación.

A anotación preventiva de solicitude dun complemento á convocatoria dunha xunta será cancelada por nota marxinal cando se acredite debidamente a publicación do dito complemento de convocatoria, ou transcorresen tres meses desde a data da anotación.»

Catro. Engádese un novo punto 3 ao artigo 114 que queda redactado nos seguintes termos:

«3. Para a inscrición dunha sociedade anónima europea deberase acreditar o cumprimento dos requisitos e trámites establecidos en cada procedemento constitutivo, segundo se trate de constitución mediante fusión, transformación dunha sociedade anónima española, constitución dunha sociedade anónima europea filial ou dunha sociedade anónima europea holding.

En todo caso, na inscrición farase constar, ademais das circunstancias mencionadas nos puntos precedentes, a existencia dun acordo de implicación dos traballadores conforme a lexislación aplicable, para cuxo efecto se xuntará á escritura certificación comprensiva do seu contido, expedida pola autoridade laboral competente encargada do rexistro a que se refire o artigo 90 do Estatuto dos traballadores. De non existir ese acordo, a escritura pública deberá conter a manifestación dos outorgantes, que se fará constar na inscrición, de que a comisión negociadora decidiu non iniciar as negociacións para celebralo ou dar por terminadas as que se iniciasen ou, se é o caso, de que transcorreu o prazo legalmente establecido para chegar a un acordo sen lolgalo.

De existir un acordo de implicación dos traballadores que lles atribúa a estes unha participación no nomeamento dos membros do órgano de administración ou control da sociedade, a parte do acordo relativa a tal extremo será inscristible no Rexistro Mercantil a solicitude da sociedade ou dos representantes dos traballadores. Nos mesmos termos será inscristible a aplicación das disposicións de referencia supletorias a tales nomeamentos.»

Cinco. O punto 1 do artigo 116 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Nos estatutos consignarase a denominación da sociedade, coa indicación "Sociedade Anónima" ou a súa abreviatura "S. A.". Tratándose de sociedade anónima europea a sigla SE deberá constar diante ou detrás da súa denominación.»

Seis. Engádese un novo punto 5 ao artigo 124 que queda redactado nos seguintes termos:

«5. Cando se trate dunha sociedade anónima europea, nos estatutos farase constar o sistema de administración, monista ou dual, polo que se opta.

Se se opta polo sistema de administración monista, serán de aplicación as regras deste artigo.

Se se opta polo sistema de administración dual, farase constar nos estatutos a estrutura do órgano de dirección, así como o prazo de duración no cargo. Se é o caso, farase constar tamén o número máximo e mínimo dos compoñentes do consello de dirección e do consello de control, así como as regras para a determinación do seu número concreto.»

Sete. Engádese un novo artigo 131 bis que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 131 bis. *Inscrición da constitución dunha sociedade anónima europea holding.*

1. Na constitución dunha sociedade anónima europea holding, en que participen sociedades anónimas

nimas e sociedades limitadas españolas, conforme o artigo 2 do Regulamento (CE) núm. 2157/2001 do Consello, do 8 de outubro de 2001, o depósito do proxecto de constitución será rexido polo establecido no artigo 226 deste regulamento.

2. O nomeamento do experto ou expertos independentes que deban elaborar o informe escrito sobre o proxecto de constitución destinado aos socios de cada unha das sociedades que participen nesta será regulada polo establecido nos artigos 338 a 349 deste regulamento e practicarase logo de solititude de cada sociedade española que promova a constitución. En caso de informe conxunto, se a sociedade vai ser domiciliada en España será competente para o nomeamento o rexistrador correspondente ao futuro domicilio.

3. O dereito de separación dos socios que votasen en contra deberá exercerse por escrito no prazo dun mes contado desde a data do acordo de constitución. Se a sociedade anónima europea holding for establecer o seu domicilio en España, ademais dos requisitos xerais para a súa constitución, na escritura farase constar a declaración dos administradores de que ningún socio exerceu o seu dereito de separación nas sociedades domiciliadas en España ou, en caso contrario, a declaración dos administradores da cal resulte o reembolso das accións correspondentes e os datos de identidade dos accionistas que exerceron tal dereito, logo de amortización daquelas e redución do capital social.»

Oito. Engádesse un novo artigo 160 bis que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 160 bis. *Inscripción do traslado do domicilio dunha sociedade anónima europea a outro Estado membro.*

1. No traslado de domicilio dunha sociedade anónima europea domiciliada en España a outro Estado membro da Unión Europea, o rexistrador do domicilio social, unha vez que teña por efectuado o depósito do proxecto de traslado, comunicaráo, no prazo de cinco días, ao Ministerio de Xustiza, á comunidade autónoma onde a sociedade anónima teña o seu domicilio social e, se é o caso, á autoridade de vixilancia correspondente. A dita comunicación farase constar por nota marxinal na folla aberta á sociedade.

2. O Goberno ou, se é o caso, a autoridade de vixilancia correspondente, notificaránlle ao rexistrador a oposición en canto se aprobase o dito acordo e como máximo no prazo de dous meses a que se refire o artigo 316.3 da Lei de sociedades anónimas. O rexistrador fará constar esta circunstancia por nota marxinal e denegará a expedición da certificación a que se refire o artigo 315 da dita lei.

3. Na escritura pública de traslado deberá constar a declaración dos administradores de que ningún accionista exerceu o seu dereito de separación, nin ningún acredor o seu dereito de oposición. Caso contrario, o dereito de separación recollerase mediante a declaración dos administradores da que resulte o reembolso das accións correspondentes e os datos de identidade dos accionistas que exerceron tal dereito, logo de amortización daquelas e redución do capital social. E o dereito de oposición dos acredores recollerase mediante declaración dos administradores en que conste a identidade dos que se opuxeron, o importe do seu crédito e as garantías que prestase a sociedade. Todas estas circunstancias faranse constar na inscrición.

4. O rexistrador, á vista dos datos que constan no Rexistro e na escritura pública de traslado pre-

sentada, acreditado o cumprimento do disposto nos parágrafos anteriores e practicadas as correspondentes operacións rexistras, expedirá a certificación a que se refire o artigo 315 da Lei de sociedades anónimas, e expedirá a dilixencia recollida no artigo 20.4 deste regulamento.

5. Unha vez que o rexistrador recibe a certificación de ter quedado inscrita a sociedade anónima europea no rexistro correspondente ao novo domicilio social, expedirá a inscrición de peche da folla rexistral.»

Nove. O punto 2 do artigo 161 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Cando algún accionista exercese o dereito de separación dentro do prazo legal, os administradores da sociedade, unha vez transcorrido o dito prazo, publicarán o acordo de redución do capital social no "Boletín Oficial del Registro Mercantil" e nun xornal de gran circulación na provincia en que a sociedade tivese o seu domicilio.

No caso de que os acredores exercesen o dereito de oposición, non poderán reembolsarse as accións mentres a sociedade non preste as garantías oportunas.»

Dez. O punto 1 do artigo 163 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Para a inscrición no Rexistro Mercantil do cambio de denominación, do cambio de domicilio, incluído o traslado dentro do mesmo termo municipal, ou de calquera modificación do obxecto social, acreditarase na escritura de publicación do correspondente anuncio nun diario de gran circulación na provincia ou provincias respectivas.»

Once. O punto 3 do artigo 170 queda redactado nos seguintes termos:

«3. Na escritura expresárase, ademais, a data de publicación do acordo no "Boletín Oficial del Registro Mercantil" e presentárase no Rexistro Mercantil un exemplar do diario en que se publicase o dito anuncio ou copia deste.»

Doce. Engádesse un novo artigo 224 bis que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 224 bis. *Transformación dunha sociedade anónima existente en sociedade anónima europea.*

1. No caso de constitución dunha sociedade anónima europea mediante a transformación dunha sociedade anónima española aplicarase, no que proceda, as regras do presente capítulo.

O proxecto de transformación depositárase no rexistro mercantil correspondente ao seu domicilio social e rexeráse polo establecido no artigo 226 deste regulamento.

O nomeamento do experto ou expertos independentes que certifiquen que a sociedade dispón de activos netos suficientes, cando menos para a cobertura do capital e das reservas da sociedade anónima europea, regularase polo establecido nos artigos 338 a 349 deste regulamento.

2. Para a inscrición da sociedade anónima europea resultante da transformación incorporárase á escritura o informe dos administradores e a certificación dos expertos que se regulan no artigo 326 da Lei de sociedades anónimas.»

Trece. Engádesse un novo artigo 226 bis que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 226 bis. *Constitución mediante fusión dunha sociedade anónima europea domiciliada noutro Estado membro.*

1. Na constitución dunha sociedade anónima europea domiciliada noutro Estado membro mediante fusión, en que participe unha sociedade española, será de aplicación o disposto nos puntos 1 e 2 do artigo 160 bis deste regulamento.

2. O nomeamento do experto ou expertos independentes que deban informar sobre o proxecto de fusión regularase polo establecido nos artigos 338 a 349 deste regulamento.

3. O dereito de separación dos socios que votasen en contra deberá exercerse por escrito no prazo dun mes contado desde a data do acordo de fusión. En documento público farase constar a declaración dos administradores de que ningún socio fixo uso do seu dereito de separación ou, en caso contrario, a declaración dos administradores da cal resulte o reembolso das accións correspondentes e os datos de identidade dos accionistas que exerceron tal dereito, logo de amortización daquelas e redución do capital social.

4. O rexistrador, á vista dos datos que constan no rexistro e na escritura pública de fusión presentada, e acreditados os trámites previstos nos puntos anteriores, certificará o cumprimento por parte da sociedade anónima española que se fusiona de todos os actos e trámites previos á fusión.»

Catorce. O artigo 230 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 230. *Documentos complementarios.*

1. Para a súa inscrición, xuntaranse á escritura de fusión os seguintes documentos:

1.º O proxecto de fusión, salvo que se atope depositado no mesmo rexistro.

2.º Os exemplares dos diarios en que se publicasen a convocatoria da xunta e o acordo de fusión.

3.º O informe dos administradores de cada unha das sociedades que participan na fusión, explicando e xustificando o proxecto.

4.º O informe ou informes do experto ou expertos independentes sobre o proxecto de fusión e sobre o patrimonio achegado polas sociedades que se extinguen, cando foren obrigatorios.

2. No caso de constitución dunha sociedade anónima europea mediante fusión que vaia fixar o seu domicilio en España, achegaranse os certificados das autoridades correspondentes ao domicilio das sociedades estranxeiras participantes na fusión acreditativos da legalidade do procedemento de acordo coa lei aplicable e dos asentos vixentes que constan no rexistro de procedencia, así como o informe ou informes do experto ou expertos independentes.»

Quince. Engádese un novo artigo 309 bis que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 309 bis. *Inscrición de sociedade anónima europea filial.*

A constitución e demais actos inscribíbles dunha sociedade anónima europea filial inscribíranse no rexistro mercantil do seu domicilio conforme o disposto para as sociedades anónimas, identificando as sociedades ou entidades matrices conforme o disposto no artigo 38 deste regulamento.»

Dezaseis. Engádese un novo parágrafo e) ao artigo 379, coa seguinte redacción:

«e) A comunicación á Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas dos datos a que se refire o artigo 14 do Regulamento CE 2157/2001 do Consello, do 8 de outubro, polo que se aproba o Estatuto da sociedade anónima europea.»

Dezasete. Engádese unha nova abreviatura, a 8.ª, ao final do punto 2 do artigo 403, coa seguinte redacción:

«8.ª S.E., para a sociedade anónima europea.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de maio de 2007.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,  
MARIANO FERNÁNDEZ BERMEJO

**11322** *CORRECCIÓN de erros da Orde JUS/1492/2007, do 21 de maio, sobre organización da Avogacía do Estado no ámbito autonómico.* («BOE» 137, do 8-6-2007.)

Advertidos erros na Orde JUS/1492/2007, do 21 de maio, sobre organización da Avogacía do Estado no ámbito autonómico, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 15 en lingua galega, do 1 de xuño de 2007, procede realizar a oportuna corrección de erros:

Na páxina 2000, no anexo «Atribucións de conformidade co artigo 2.3», onde di: «Bilbao», debe decir: «Bizkaia».

Na páxina 2000, no anexo «Atribucións de conformidade co artigo 2.3», a continuación de «Cáceres», debe engadirse «Santa Cruz de Tenerife».

## MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**11446** *REAL DECRETO 727/2007, do 8 de xuño, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.* («BOE» 138, do 9-6-2007.)

O artigo 10.3 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia establece que o Goberno, mediante real decreto, aprobará os criterios establecidos polo Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia para determinar a intensidade de protección dos servizos e a compatibilidade e incompatibilidade entre estes.

Así mesmo, o artigo 20 da citada lei establece que as contías das prestacións económicas, unha vez acordadas polo Consello Territorial, serán aprobadas polo Goberno mediante real decreto. De igual forma, o artigo 5.4 atribúelle ao Goberno, logo de acordo do dito consello, o